

Galicia Encantada



ANIVERSARIO

2005 * 2025

Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Morte

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Unha de defuntos

Aquí, no adro actual, estivo o cemiterio vello de Montecubeiro, concello de Castroverde (Lugo). Ditoso mes, que comeza con tódolos Santos e remata elixindo a San Andrés. De defuntos, si, pero de carnavaladas, tamén, pois, detrás da cruz sempre andou o diabro.

Meu avó tenme falado daquelas bromas, daquelas carnivaladas de antes da guerra; lémbrome de varias, pero unha das que más me impresionaron foi a de cando el, con media ducia de veciños, anticipándose ao Día da Cinsa, concretamente no amencer do Martes de Carnaval, saltaron a parede do cemiterio vello e acenderon unhas velas daquelas de cera, que se facían nas casas ao esmelgar, chantadas na propia terra dos últimos enterros. Un dos cómplices, que era ferreiro e entendía de chaves, conseguiu abrir a porta do campanario, e deu en toca-las campás, ¡como se houbese defunto!

O avó, desde a currada do convento, petoulle ao párroco co cadelíño de ferro da porta da reitoral. O crego, entre o chamador e mailo repique das campás, asomou por unha ventá, refregando os ollos:

-Quen é, quen chama, quen morreu!

-Señor cura, baixe pronto, así sexa en cirolas, para que os vexa antes de que se vaian, que están saíndo das covas!

O cura, incrédulo:

-Morreu Brais?

-Non señor; todo o contrario, que están resucitando!

O cura baixou a toda presa, cos calzóns de baeta colorada á vista, e nada más abrir a porta, como meu avó deixara abierto o portalón que dá ao adro, divisou aquelas ánimas, acarapuzadas coa correspondente saba de liño, correndo polo campo. Sen dicir nin pío foise á sancristía, saíndo co caldeiro da auga bendita na esquerda e co hisopo na dereita.

-Señor cura, onde vai, que esas non precisan responsolos! Non ve que están resucitando! Veña comigo á porta do cemiterio, por se continúan saíndo□

Como era de noite, o cura viu as luces a ras da terra, pero non se decatou das velas que as producían. Daquela tirou de hisopo, e deu en esconxurar.

Contaba meu avó que tardou bastante en reaccionar, en decatarse de que todo aquilo era un bromazo:

-Como estás aquí, a estas horas?

-Madruguei para ir a Librán, axudarles a bota-las patacas□!

-Para aí, non te largues, que tes que darmel o nome destes sacrílegos, que así se burlan do seu pároco!

-Non podo, que non o sei! Eu vin e oín o mesmo ca vostede: As campás tocando a defunto□, e sen campaneiro! Despois diso, esas ánimas, que non teñen nome□ Non ve que son anxos, ánimas resucitadas, e están dando voltas aí no adro, porque áinda non lles deron o emprego celestial, que veñen aparvadas, do Purgatorio, más ou menos como fixo vostede agora mesmo, ao espertar!

Aqueles eran carnavais, e aquellas eran chanzas, unhas carnavaladas que facían resucita-los mortos!

[Texto de Xosé María Gómez Vilabella. Novembro de 2010]



Igrexa de Montecubreiro
Castroverde (Lugo)